

VOCABULARIO: CAMBIOS E PERMANENCIAS NO SECTOR PRIMARIO.

Acuicultura é conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico ou no medio no que habitan os peixes ou plantas, permiten controlar a súa reprodución e/ou crecemento. É moi significativa en Galicia, e está restrinxida a un pequeno abano de especies, en función da súa importancia económica e do desenvolvemento dunha tecnoloxía axeitada e limitada espacialmente á beiramar ou as augas continentais.

Agricultura a tempo parcial.- Tipo de agricultura, cada vez máis frecuente en Galicia, na cal a familia funciona como unidade económica, obtendo como tal unha boa parte dos ingresos económicos, xeralmente a maioría, doutra fonte distinta da agricultura. Habitualmente o empresario agrícola vive coa súa familia na explotación, a muller é a que traballa a maior parte do tempo na explotación, mentres que o home e os fillos teñen actividades principais doutro tipo. Non tende á especialización e baséase nun tipo de explotación de reducidas dimensións. É unha agricultura que propicia a fixación da poboación rural ao seu medio.

Agricultura ecolóxica é un sistema para cultivar unha explotación agrícola autónoma, baseada na utilización óptima dos recursos naturais e sen empregar produtos químicos de síntese ou organismos xeneticamente modificados (OXMs) -nin para abono nin para combater as pragas-, logrando deste xeito obter alimentos orgánicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio ambiente. O seu incremento está vencellado á difusión da idea dun crecemento sostible e equilibrado.

Alimentos transxénicos son aqueles modificados pola enxeñería xenética coa finalidade de incrementar a produtividade agrícola dalgúns plantas (exemplos son o millo, a cebada ou a soia), mediante a súa resistencia mellorada ás pragas. As críticas das organizacións ecoloxistas a estes cultivos proveñen do control oligopolístico por parte dunhas poucas multinacionais sobre as sementes (co risco de perda de biodiversidade global), así como o abuso de fertilizantes que se fai con estes cultivos -o cal agrava o posible cambio climático-.

Augas xurisdicionais.- Sector mariño no que un Estado ten xurisdición e pode exercer a súa soberanía. A delimitación deste espazo sofre moitos cambios ao longo do tempo, co ánimo de darlle máis extensión, debido á importancia económica que ten a explotación dos recursos pesqueiros. Actualmente son 200 millas as concibidas como integrantes do patrimonio económico dun Estado, aínda que só as 12 primeiras constitúen o mar territorial exclusivo.

Caladoiro.- Área no mar onde, debido á riqueza dos recursos pesqueiros, os barcos faenan.

Campos abertos.- Openfield, paisaxe agraria que se da fundamentalmente na Meseta, caracterízase por núcleos de poboación concentrados en torno aos cales se dispón o espazo cultivado e, máis alá, o forestal. A zona cultivada organízase en parcelas xeométricas, frecuentemente alongadas, sen valado ningún que as separe. A orixe deste espazo agrario está relacionada con certas prácticas colectivas. O conxunto das terras organizábase en 3 follas e trala colleita, a terra era aproveitada en común polo gando, que pastaba libremente nos campos abertos.

Campos pechados.- paisaxes agrarias que amosan un parcelario dividido debido á existencia de cercas nos seus lindes. Habitualmente trátase de sebes vivas, de elevacións formadas por pedras soas ou mesturadas con terra ou, xa máis recentemente, postes unidos con arame. As funcións que cumpren os cercados van desde a protección da propiedade ata a defensa das parcelas fronte ao gando ceibe. Asociados a unha actividade agropecuaria, os campos cercados ou “bocage” son

característica das áreas atlánticas.

Concentración parcelaria.- Proceso, levado adiante xeralmente por organismos públicos, que supón a redución en número, a regularización dos contornos e o aumento da superficie do parcelario dunha determinada área, logo de medición, avaliación edáfica, topográfica, económica, etc. O proceso supón o intercambio de terras entre os veciños e a apertura dunha serie de vías de comunicación que interconectan as novas parcelas cos núcleos de poboación e coas principais vías de comunicación do lugar, feito de trascendental importancia para o desenvolvemento económico de calquera territorio. En Galicia o proceso principiou en 1956, resultando de especial transcendencia para o desenvolvemento das actividades agropecuarias, como unha mecanización máis operativa e rendible, tendo en conta a grande fragmentación parcelaria existente no país, que dificulta enormemente as tarefas agrícolas, producindo efectos moi negativos sobre os beneficios económicos derivados da actividade agraria.

Cota láctea.- límite imposto a produción leiteira dun país, neste caso España, pola UE, para adaptarse ás directrices xerais da PAC. E a cantidade máxima, expresada en kg de leite, que cada explotación pode vender, sen incorrer en sanción, durante un período leiteiro. Desapareceu recentemente, no ano 2015.

Cultivo forraxeiro.- Cultivo herbáceo destinado á alimentación do gando. Cada vez, o seu uso é maior nas áreas de especialización gandeira.

Denominación de orixe (D.O.) é un tipo de indicación xeográfica aplicada a un produto agrícola do que a calidade ou características se deben fundamental e exclusivamente ao medio xeográfico no que se produce, transforma e elabora. Os produtores que se acollen á denominación de orixe comprométese a manter a calidade o máis alta posible e manter certos usos tradicionais na produción. Un *consello regulador* autoriza a exhibir o distintivo aos produtores da zona que cumpren as regras. Esta figura facilita o acceso de produtores a mercados nacionais e internacionais.

Desagrarización refírese á perda de poboación adicada á actividade agraria, así como á perda de importancia económica da actividade agrícola nun territorio, e o conseguinte debilitamento das institucións sociais vencelladas a esta actividade que organizan diferentes aspectos da vida social (por exemplo, a explotación familiar agraria, a propiedade da terra como base da estratificación social, os sistemas de xestión comunal dos recursos agrícolas, etc.). En España tense producido este proceso, especialmente desde finais dos anos setenta.

Estabulación gandeira.- Residencia e manutención dos animais na corte de maneira temporal ou permanente. Pódese distinguir entre estabulación permanente e estabulación libre.

Explotación agraria.- É a unidade técnico-económica da que se obteñen produtos agrarios baixo a responsabilidade dun titular. Esta unidade técnico-económica caracterízase pola utilización dos mesmos medios de produción: man de obra, maquinaria, etc. Estas explotacións poden ser con terras ou sen terras; neste último caso, considérase explotación sen terras aquela que con menos de 0,1 Ha. de terreo posúa, por exemplo, unha ou máis cabezas de gando vacún.

Explotación agraria intensiva é aquela explotación agraria que elimina os barbeitos e recorre á produción continua do terreo, estimulada polo emprego de fertilizantes e o regadío artificial.. este tipo de agricultura obtén unha alta produtividade, sobre terreos moitas veces reducidos. E moi habitual no litoral mediterráneo, especializado na horticultura, cunha produción a finais de inverno e comezos de primavera, susceptible de exportarse a outros países europeos que non teñen as mesmas condicións climáticas.

Explotación extensiva.- A agricultura extensiva soe practicarse en superficies amplas, con escasa ou nula fertilización e cunha produtividade do terreo máis baixa, de maneira que non prescinde do barbeito, co obxecto de devolver ao solo a súa riqueza en nutrientes.

Latifundio.- Tipo de explotación agraria, propia do Mediterráneo, caracterizada pola súa grande extensión superficial. En España considérase como latifundio aquela explotación superior ás 250 Ha., mentres que no resto dos países comunitarios o umbral rebáixase a 100 Ha. Ademais da extensión tamén se considera como propios do latifundio uns medios de produción deficientes; pouco grao de tecnificación, explotación extensiva, etc., así como o alto grao de conflitividade social que se deriva da existencia nas rexións onde se dá, dunha grande masa de campesiños sen terra que ven como os latifundios están infraexplotados sen que o propietario se preocupe por mellorar o sistema de cultivo. No Estado español, o latifundio concéntrase en Andalucía, sobre todo nas provincias de Córdoba e Jaén, en Castilla-Mancha, Extremadura e na provincia de Salamanca.

Marisqueo.- Actividade recolectora de moluscos bivalvos que se atopan formando bancos naturais en toda a beiramar. Pode realizarse a pé ou desde embarcación, á man ou coa axuda dalgún. E unha actividade moi importante en Galicia, sobre todo nas rías.

Minifundio.- Explotación de pequeno tamaño. En Galicia, onde a pequena explotación predomina, ven acompañada dunha excesiva fragmentación parcelaria que a concentración parcelaria trata de resolver. Estas explotacións agrarias están case todas en réxime de explotación directa de tipo familiar.

Monocultivo.- Dedicación das terras dunha determinada área ou dunha mesma explotación ao mesmo cultivo.

Parcela.- Extensión de terra que está baixo unha linde, rodeada por edificios, terras ou auga que non pertencen á mesma explotación á que pertence a dita extensión de terra.

Pesca de altura.- Pesca realizada en mar aberto, máis alá das 50 ou 60 millas de distancia do litoral. Está regulada por acordos internacionais e a flota que se dedica a esta pesca está formada por barcos de mediana e gran tonelaxe. En Galicia, a pesca de altura realízase entre o Ecuador e os 60° N, e entre os 10° E e os 20° O, estando concentrada nos principais portos pesqueiros a maior parte da súa flota.

Pesca de baixura.- A que se realiza entre o litoral e as 50 ou 60 millas, dentro das augas xurisdicionais. As embarcacións empregadas caracterízanse pola súa pequena tonelaxe. Tamén se chama pesca de litoral.

Pesca de gran altura.- a que se realiza en augas moi afastadas. A flota galega practica esta pesca a partir do desenvolvemento das técnicas de conxelación nos anos 60. Emprega embarcacións de gran tonelaxe que se concentran en poucos portos (A Coruña, Vigo, Vilagarcía, Marín, Ribeira,..) que faenan en caladoiros como o SO de África, Terra Nova, Indico..., onde se pescan especies de gran valor no mercado como a pescada, bacallau, camarón...

Policultivo.- Sistema de cultivo caracterizado pola mestura nun mesmo espazo agrario de plantas de diferentes especies. O policultivo é predominante en Galicia, aínda que nos últimos anos tende a reducirse. Soe estar relacionado con sistemas agrarios intensivos de economía de subsistencia.

Política Agrícola Común (PAC).- política europea composta por unha serie de leis e normas que regulan a produción, o comercio e o tratamento dos produtos agrarios na UE co fin de incrementar a produción fomentando o progreso técnico, asegurando o desenvolvemento racional da produción agrícola e gandeira, así como o emprego óptimo dos factores de produción, en particular, da man de obra. O seu orzamento está próximo ao 50% do comunitario. Para xestionar os fondos da PAC creáronse o FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía) e o FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. Recentemente entrou en vigor unha nova reforma da PAC 2014-2020.

Política Pesqueira Comunitaria (PPC)), xurdida en 1983 ten como obxectivos: a protección das poboacións contra a pesca excesiva; garantir unha renda digna para os pescadores; garantir o suministro regular dos consumidores e da industria de transformación a prezos razoables; a explotación sostible dos recursos mariños vivos desde os puntos de vista biolóxico, medioambiental e económico promocionando a acuicultura-. Contando cos fondos do IFOP, hoxe FEMP (fondo europeo marítimo e pesqueiro) esta política serve para que a UE negocie en nome dos países membros os tratados de pesca con países terceiros, así como vixiar o tamaño da flota pesqueira europea -co gallo de impedir o seu crecemento e favorecer un aproveitamento sostible dos recursos mariños-.

Regadío.- Denomínanse así aquelas terras que posúen a condición de poderse regar por auga que non procede directamente das precipitacións atmosféricas. A produción deste tipo de terras é moi superior á que se rexistra nas terras de sequeiro; moitas veces asóciase a un tipo de cultivo intensivo. Existen numerosas técnicas de rega: submersión, desbordamento, aspersión, infiltración, permanente. O regadío ocupa 15% da superficie agrícola de España.

Réxime de tenencia.- Forma xurídica baixo a cal un empresario agrícola actúa sobre unha explotación agraria. Segundo o censo agrario, o réxime de tenencia pode ser en: propiedade ou “de seu”, cando o empresario e a súa familia dispoñen dun título de propiedade ou, na súa ausencia, por ter sido explotadas durante máis de 30 anos ininterrompidos sen o pago dunha renda; en réxime de arrendamento, cando o empresario paga un canon, xa sexa en metálico ou en especie (ou as dúas cousas á vez) polo disfrute da terra; en réxime de parcería, pago dunha porcentaxe sobre o produto obtido ou o seu equivalente en efectivo, sistema pouco xeneralizado na actualidade, xa que non incita ao empresario a capitalizar a súa explotación. Outros réximes de tenencia son a propiedade comunal, aforamentos, censos, etc

Rexión pesqueira.- Porción limitada do espazo marítimo de xurisdición nacional, na que se desenvolven as actividades pesqueiras, nas que hai un determinado potencial pesqueiro. As rexións pesqueiras españolas son, no seu conxunto, pobres canto á amplitude da plataforma continental, polo que a flota faena moitas veces en alta mar. A Rexión Noroeste é, no litoral español, a máis importante por número de buques e pesca desembarcada.

Rotación de cultivos.- Sucesión periódica de cultivos nun terreo. Esta sucesión ou rotación establécese co fin de lograr os máximos rendementos sen que por isto a terra se esgote, de tal xeito que soen sucederse cultivos mellorante e cultivos esquilante uns a outros.

Secaño.- A agricultura de secaño é aquela na que non fai falla aportación de auga por parte do home, utilizando unicamente a que provén da choiva. O 85% da superficie agrícola española é de secaño

Silvicultura é a actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais -susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos- e o desenvolvemento de espazos recreativos

Superficie Agrícola Útil (S.A.U.).- É o conxunto da superficie das terras labradas e terras para pastos permanentes. As terras labradas comprenden os cultivos herbáceos, os barbeitos, as hortas familiares e as terras destinadas a cultivos leñosos.

Transhumancia.- práctica gandeira na que o gando é levado polos pastores, desde as terras baixas ás terras altas para poder atopar alimento nos pastos naturais. Característica das áreas mediterráneas, no verán os rebaños soben ás zonas altas onde a maior humidade permite encontrar pastos. En inverno, en cambio, iníciase a viaxe de volta cara as zonas baixas ou de invernada.